

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2025/12	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo Convocatoria: Ordinaria

Data e hora: 1ª convocatoria: 18 de decembro de 2025 ás 20:00

Lugar: SALÓN DE PLENOS

Presidida por: FRANCISCO CALO ABELLEIRA

Secretario: GUILLERMO JOSÉ FERNÁNDEZ LÓPEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
78792417Y	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SÍ
45961024D	ANXO NUÑEZ FERNANDEZ	SÍ
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
44843850Z	CARLOS LEIS PEDROSA	SÍ
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
79327212M	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SÍ
78787194G	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SÍ
33265012C	JOSE ANTONIO CAAMAÑO LESTON	SÍ
79327861X	JOSÉ MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
78793193T	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SÍ
33260032P	MARIA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
33277711T	MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA	
Aprobación da acta da sesión anterior	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:



E non habendo observacións dase por aprobada por maioría absoluta (a favor 6 PP + 4 Compromiso Outes + 2 BNG e 1 abstención do Concelleiro non adscrito)

Expediente 935/2025. Aprobación do orzamento xeral para o exercicio 2026	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 4, Abstencións: 2, Ausentes: 0

Por parte da Concelleira de Facenda, dna. María Beatriz Molinos Vidal, dase lectura á proposta, que ten o seguinte teor literal:

Feitos e fundamentos de dereito:

Elaborado o orzamento desta entidade para o exercicio 2026, tendo en conta que na súa tramitación se cumpriron os requisitos que sinala a lexislación vixente e que contén os documentos que ordenan os artigos 165 a 168 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e concordantes do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, propóñolle ao Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte,

Vista a proposta de resolución PR/2025/111 de 5 de decembro de 2025.

Resolución:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o orzamento do Concello de Outes para o exercicio 2026 e as súas bases de execución, cun importe total no estado de ingresos de **7.243.524,62€**, e no estado de gastos de **7.243.524,62 €**, co detalle por capítulos que se relaciona de seguido:



ESTADO DE GASTOS EJERCICIO 2026

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Importe
	1. OPERACIONES NO FINANCIERAS	
	1.1 OPERACIONES CORRIENTES	
1	Gastos de personal	2.978.294,93
2	Gastos corr. bienes y ser	3.182.792,62
3	Gastos financieros	1.000,00
4	Transferencias corrientes	172.314,81
	1.2 OPERACIONES DE CAPITAL	
6	Inversiones reales	745.738,40
7	Transferencias de capital	33.644,64
	2. OPERACIONES FINANCIERAS	
8	Activos financieros.	5.000,00
9	Pasivos financieros.	124.739,22
	TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS €	7.243.524,62

ESTADO DE INGRESOS EJERCICIO 2026

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Importe
	1. OPERACIONES NO FINANCIERAS	
	1.1 OPERACIONES CORRIENTES	
1	Impuestos directos	1.396.680,04
2	Impuestos indirectos	242.131,78
3	Tasas, Prec.Públicos y ot	987.733,00
4	Transferencias corrientes	3.938.296,13
5	Ingresos patrimoniales.	58.863,87
	1.2 OPERACIONES DE CAPITAL	
6	Enajenación de inversión	
7	Transferencias de capital	614.819,80
	2. OPERACIONES FINANCIERAS	
8	Activos financieros.	5.000,00
9	Pasivos financieros.	
	TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS €	7.243.524,62

SEGUNDO. Aprobar o cadro de persoal da Corporación para o ano 2026

TERCEIRO. Aprobar o teito de gasto non financeiro en cumprimento do artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, polo importe de 7.113.785,40€



CUARTO. Aprobar a masa salarial do persoal laboral, fixada no importe de 1.191.539,51€

QUINTO.- Expoñelo ao público polo prazo de quince días, por medio de anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e as entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que xulguen oportunas, consonte ao artigo 169 da Lei reguladora das Facendas Locais (Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo). En caso de que non se presenten reclamacións o orzamento entenderase aprobado definitivamente.

REMATADA A EXPOSICIÓN POR PARTE DA PROPOÑENTE FAISE UN RECESO DE CINCO MINUTOS POR PROBLEMAS TÉCNICOS COA GRABACIÓN.

Reiniciase o pleno coa quenda de intervencións, iniciado polo voceiro de Compromiso Outes o sr. González López, agradecendo o traballo realizado polo servizo de Intervención na redacción do documento, así como recordándolle ao equipo de goberno que incumpriu a obriga de ter presentado o orzamento ao Pleno da Corporación antes do 15 de outubro, e que non é un orzamento consensuado coa oposición e cuxo contido é pobre xa que non recolle investimentos salientables.

Así mesmo indica que non son orzamentos realistas, facendo especial fincapé na previsión de ingresos relativa ao Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, que aumenta en mais dun 240% respecto de exercicios anteriores sen que exista informe técnico que avale tal subida.

Intervén agora o voceiro do BNG, o sr. Núñez Fernández, agradecendo novamente a labor dos traballadores municipais que fixeron posible a elaboración do documento orzamentario. No tocante á parte política di que o goberno do Partido Popular e mais o concelleiros tráfuga traen ao pleno un documento que é fume, e que non contén medidas e actuacións positivas para a veciñanza do Concello de Outes. Critica que non se socializara o seu contido nin se lle trasladou á oposición con tempo suficiente para o seu estudo.

Critica así mesmo que non son orzamentos realistas para o concello, que conteñen previsións non avaladas e critica a falta de transparencia na súa elaboración.

Así mesmo indícase que no estado de gastos, no capítulo de pasivos financeiros, inclúese unha partida de 124.739,22 euros, que serán restados do POS do ano que ven.



Por parte da concelleira de Facenda, a sra. Molinos Vidal, indica que non está de acordo coas valoracións do sr. González, e que o orzamento recolle incrementos en partidas necesarias e relevante, como pode ser a partida dedicada ao servizo de axuda no fogar. Di respecto do incremento do ICIO que este ven derivado do aumento na tramitación de expedientes urbanísticos que se ven producindo ultimamente e que ven derivado da revitalización do sector construtivo.

Respecto do comentario sobre que un terzo dos concello de Galicia non cumpriu coas regras fiscais, indica que ela so pensa no concello de Outes, e que non foi so o incumprimento neste exercicio se non que en exercicios anteriores baixo o seu mandato tamén se incumpriron.

Sobre o indicado polo BNG, di que estes orzamentos non se presentaron pola vía rápida nin foron presentados para a foto, presentaronse por responsabilidade coa veciñanza.

Por último, no tocante ao préstamo coa Deputación, di que non entende tanto a crítica cara o mesmo, e recorda que esa débeda non ten nada que ver cunha débeda cunha entidade financeira, se non que é un préstamos sen xuros, con dous anos de carencia e a devolver en dez anos e que financiou moitas actuacións ao cargo do mesmo.

O voceiro de Compromiso Outes di que é positivo o incremento dos fondos para o SAF, e que xa o seu goberno incrementou a cantidade dedicada ao mesmo en maior cantidade que o fai agora o goberno actual.

Reitera que o incremento do ICIO non é realista, xa que para recadar o previsto deberían realizarse construcións por preto de 9.000.000 de euros, cousa que non sucedeu nos últimos 5 anos.

Intervén o voceiro do BNG indicando que o SAF debería ser asumido pola Xunta de Galicia, xa que está obrigando aos concellos á prestación dun servizo impropio.

Intervén para pechar a sr. Molinos Vidal, indicando que o sr. Núñez levou a cabo un cambio de opinión, xa que en declaracións anteriores respecto do uso dos remanentes tiña unha opinión contraría á agora exposta. Engade que non lle parece mal que lle recorden constantemente o tema do préstamos coa Deputación, nin que lle recorden os desfases de crédito que tivo o goberno e que derivou na necesidade de levar a cabo modificacións orzamentaria para dar cobertura a novos gastos, xa que o orzamento é un documento vivo que debe modificarse se cambian as circunstancias. Recórdalle que cando eles estaban no goberno no ano 2024 levaron a cabo 9 transferencias de crédito para cubrir os



desfases de crédito que tiveron.

Finalizado o debate, procédese á votación quedando o punto **aprobado** por **maioría absoluta** por 7 votos a favor (PP+ concelleiro non adscrito), 4 en contra (Compromiso Outes) e 2 abstencións (BNG)

Expediente 1153/2025. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos 5/2025	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 2, Ausentes: 0

Expón o punto a concelleira de Facenda, a sra. Molinos, cuxa proposta ten o seguinte teor literal:

Resolución:

Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos por importe total de 1.919,81€, que se corresponden coa presentación na anualidade 2025 de facturas por parte dos provedores, referidas a prestacións realizadas no exercicio 2024, e que constan incluídas na relación contable F/2025/39

Visto o informe de reparo número 2025-0030, de 05 de decembro de 2025, formulado pola Intervención municipal, no que se manifesta a falta de autorización de gasto na relación de facturas indicadas.

Examinada a documentación que acompaña ao expediente, e de conformidade co disposto no artigo 60 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do orzamento municipal 2025, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE,

ACORDO

PRIMEIRO. Solventar o reparo manifestado pola Intervención municipal, dado que se trata de prestacións efectivamente realizadas en beneficio desta entidade e continuar coa tramitación do procedemento.

SEGUNDO. En consecuencia, autorizar os gastos a que se refiren as facturas afectadas.

TERCEIRO. Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 5/2025, por importe total de 1.919,81€, que se corresponde coas facturas incluídas na relación contable F/2025/39, que se xunta como anexo á presente.

CUARTO. Aplicar, con cargo ao vixente orzamento municipal, os correspondentes



créditos, con cargo ás aplicacións orzamentarias que se indican na relación contable sinalada.

Inicia a quenda de debate o voceiro de Compromiso Outes o sr. González López, indicando que son facturas que teñen que pagarse e que contarán co visto bo do seu grupo.

Intervén agora o voceiro do BNG, o sr. Núñez Fernández, indica que os servizos prestados deben ser pagados e que votarán a favor.

Finalizado o debate, procédese á votación quedando o punto **aprobado** por **maioría absoluta** por 11 votos a favor (PP+ Compromiso Outes+ concelleiro non adscrito) e 2 abstencións (BNG)

Expediente 991/2025. POS+ADICIONAL 4/2025 SEGUNDA FASE INVESTIMENTOS	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Por parte da Alcaldía dase lectura á proposta, cuxo teor literal é o seguinte:

“

Resolución:

ACORDO:

1.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 4/2025”** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación:

DENOMINACIÓN	Financiamento dos investimentos			
	Deputación	Concello		Orzamento total total €
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible)	



			nos abastecem. auga potable)		
MELLORA VIARIO O REGO-TARÁS	81.278,08	0	0	0	81.278,08
TOTAL	81.278,08				81.278,08

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nesta táboa.

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Intervén a voceira de Compromiso Outes, a sra. Quintela Vilariño, indicando que a obra prevista xa a tiñan previsto eles cando estaban no goberno, e quere destacar que a Deputación este ano no POS aportou mais de 1.200.000 euros, e queren focalizar que esta administración reparte os cartos de xeito mais equitativo que a Xunta de Galicia. Votarán a favor.



Intervén a voceira do BNG, a sra. Agra Tuñas, indicando que está de acordo co indicado pola voceira de Compromiso Outes, e que a política de reparto de fondos da Deputación ponse en contraposición ao recollido nos orzamentos da Xunta de Galicia nos que non se recolle ningún investimento para o Concello de Outes a pesar de estar gobernado por un goberno do PP.

Finalizado o debate, procédese á votación quedando o punto **aprobado** por **unanimidade** dos trece (13) membros presentes.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta das resolucións da Alcaldía da 2025-0717 a 2025-0850

O pleno dase por entrado

C) ROGOS E PREGUNTAS

1.- Preguntas orais formuladas no pleno anterior:

a) COMPROMISO OUTES

1.- En relación ao Concelleiros non adscrito:

-En relación ao concelleiro non adscrito dixo o alcalde que se iban a recabar novos informes xurídicos, eses informes van a ser informes externos ou do servizo xurídico do Concello?

Resposta o alcalde que previsiblemente van a ser externos.

O voceiro de Compromiso Outes di que xa existe incorporado ao expediente un informe externo pero que teñen que recordar que tamén existe un informe da secretaria do Concello ao respecto.

O alcalde di que é unha previsión, e que non se descarta que se soliciten mais informes.

b) BNG

1.- Por que cancelaron a actividade de deportes de raqueta un mes logo de dar comezo e se lles parece que son as formas axeitadas de avisar ás persoas usuarias?

Resposta o Concelleiros de Deportes, o sr. Caamaño, indicando que a primeiros de outubro constatouse que na actividade só hai dúas persoas inscritas. Falouse co monitor e di que ata mediados de mes sempre se anotaba máis xente.



Esperaron ata case o final do mes e seguían só dúas persoas, e á vista da situación falouse cos pais para ver se lles encaixaba outra actividade, decidíndose non continuar e non cobrar o mes de outubro.

Resposta o voceiro do BNG que a eles o que se lles trasladou é que se avisou con moi pouco tempo ás persoas usuarias, e entenden que se podería proceder un pouco mellor

2.- Preguntas presentadas por sede electrónica:

a) Compromiso Outes

Primeira.- (Formula o sr. González López) O pasado 10 de Decembro de 2025 un membro do seu goberno arremetía publicamente nun xornal de tirada Galega contra un informe da secretaria do Concello de Outes, actualmente en comisión de servizos.

Comparte o señor alcalde esas críticas?

Resposta o alcalde, indicando que: *“En relación á contestación á súa pregunta imos a contestar reproducindo unhas palabras súas en relación a un asunto similar:*

“Nos estamos contentos co traballo de secretaría pero non estamos de acordo co contido dese informe. Discrepamos pero respetamos o seu criterio”.

Segunda.- (Formula o sr. Rodríguez Gándara) A canto ascende o custe da "III Gala do Deporte" que se celebrará o vindeiro 20 dedecembro no pazo do Tambre e para a que aínda non recibimos convite oficial? Quen financia eses gastos?

Resposta o Concelleiros de Deportes, o sr. Caamaño, indicando que custo vai estar preto dos 5.000 € e que teñen unha axuda da Xunta de Galicia de 3.000 €, polo que o custo que lle sae ao concello está nos 2.000 €. Sobre o convite, mandouse un correo a compromiso@gmail.com o 3 de decembro ás 11:23, pero que sen prexuízo do anterior indica aos concelleiros de Compromiso Outes que se den por invitados.

Terceira.- (Formula a sra. Quintela Vilariño) A canto ascende o custe das actuacións que vostedes programaron na praza do Bosque no marco da celebración do Nadal 2025? A canto ascende a contratación da carpa? Quen financia estes gastos?

Resposta o concelleiros do equipo de Goberno, o sr. Castro indicando que as actuacións supuxeron 1.600 € o 29 de novembro, 300 € o 5 de decembro, 1.452 € o 6 de decembro, 412 € o 14 de decembro e 1.573 € o 20 de decembro. A



actuación do día 21 é contratada pola Xunta. A carpa para o concello supón 2.420 €. O resto de fins de semana contratouno directamente a Xunta.

Cuarta.- (Formula o sr. González) Que obras se realizaron e cando foron rematadas no marco da primeira anualidade "PLAN CAMIÑA RURAL AGADER 2025_2026"?

Resposta o alcalde indicando que: "*Como vostedes ben saben este é un Plan Bianual, a data de 11 de decembro de 2025 tiña que estar executado 48,718% das obras do Plan, e según a certificación de obra para cumprir con esa 1ª anualidade esta porcentaxe está cuberta, con traballos feitos nas seguintes obras:*

- *Camiño de Alban a Albeida*
- *Camiño de Brión de Arriba a Cambeiro*
- *Camiño en Viro*

Como ben dixemos, este e un plan Bianual, polo que a día de hoxe está rematado un porcentaxe das obras.

Quinta.- (Formula o sr. Rodríguez Gándara) Como pode ser que a actuación da rúa doutor Esperante iniciada hai máis de un ano, siga sen rematar, non haxa farolas nin árbores plantadas?

Resposta o alcalde que pode ser que o proxecto que vostedes presentaron non incluíse as farolas nin as árbores plantadas. A obra está sen rematar porque houbo que demoler a metade do firme por facelo chovendo debido ás súas presas. Unha vez rematado o proxecto e certificado poderemos rematar esas faltas.

Sexta.- (Formula a sra. Quintela Vilariño) Como é posible que a praza do Concello siga pechada coa obra practicamente rematada?

Resposta o alcalde indicando que: "No anterior pleno xa se lle dixo que esta obra non depende directamente do Concello de Outes senon que depende da ADR Ría de Muros e Noia e a información que temos desde hai unha semana por parte do Director de Obra é que están pedindo orzamentos para realizar as actuacións mínimas imprescindibles para poder recepcionar a obra."

Sétima.- (Formula a sra. Quintela Vilariño) O noso goberno deixou aprobado o proxecto e un convenio de financiación da actuación: "CONEXIÓN DO PASEO FLUVIAL CO CENTRO URBANO DA SERRA DE OUTES". En que estado está este proxecto? Teñen vostedes previsto executalo?



Resposta o alcalde indicando que: *“ Como todos sabemos a licitación deste proxecto quedou deserta, e tanto o técnico redactor do mesmo como técnicos da dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Vivenda e planificación de Infraestructuras, coincidiron en que os prezos consignados son moi baixos, e así no lo fixeron saber, engadindo que para volver a sacalo a licitación coas mínimas garantías de que non volva a quedar deserto e se poida executar o proxecto, faría falta unha suba no orzamento de polo menos un 30% o que quere dicir que a achega municipal aumentaría nese porcentaxe.*

Así as cousas, estamos en negociacións coa consellería para darlle a seolución máis axeitada a este asunto.

Podemos dicir que temos pensado executar esa inversión para o mesmo fin, pero suxeita a sufrir modificacións, estase traballando neso.”

Oitava.- (Formula o sr. González) Cantos convenios asinou o seu goberno coa Xunta de Galicia dende que vostede chegou á alcaldía? Para que finalidade e por que importes?

Resposta o alcalde indicando que se asinaron catro convenios: mellora da piscina municipal por 72.539,50 €, mellora do centro de día por 19.150,67 €, maquinaria de limpeza por 14.362,70 € e renovación de bombeos da EDAR por 60.141,49 €.

b) BNG

Primeira.- (Formula o sr. Núñez) No anterior pleno dixeron que ían consultar “asesores xurídicos” para avaliar se expulsar ou non ao concelleiro tráfuga. Mentres tanto, pasa o tempo nun limbo legal preocupante desatendendo a clara xuridisprudencia indicada polo informe de secretaría. Cando pensan cumprir co informe de secretaría e expulsar ao concelleiro tráfuga?

Resposta o alcalde: *“O informe de Secretaría, que foi feito en Febreiro, describía unha posible situación futurible, que a día de hoxe non se dou no Concello de Outes, tal e como avalan distintos Xuristas, e incluso unha recente sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo Nº4 da Coruña, ditada en Setembro.*

Polo que a resposta a súa pregunta, é que dada esta situación, non se está desatendendo o contido do Informe. “

Segunda.- (Formula a sra. Agra Tuñas) Atoparon xa a maneira de facer a obra para a ampliación e mellora da Escola/Centro Social de Santo Ourente ou decidiron non facela? Veremos esta obra iniciada antes de que remate o mandato?



Resposta o alcalde: *“De momento seguimos traballando para encontrar a solución máis axeitada e na búsqueda do financiamento para poder executar esa actuación é que os veciños de Santo Ourente poidan disfrutar dunhas instalacións acordes as súas necesidades.*

En canto a segunda pregunta, non estamos en condicións de poder dar unha data o respecto”

Terceiro.- (Formula o sr. Núñez) Mentres gobernábamos, implamantamos un sistema electrónico de seguemento GPS dos vehículos municipais. Esta ferramenta era de gran utilidade para facer un seguimento continuo e unha mellor organización do traballo. Gustaríanos saber: vostedes manteñen este servizo ou decidiron eliminalo?

Resposta o alcalde que de momento manteñen o servizo e que ten un custo de preto de 2.000 euros anuais.

Cuarta.- (Formula a sra. Agra Tuñas) Nós tiñamos intención de poñer en marcha unha ordenanza para regular as cortas forestais con relación ao uso e mantemento das pistas de montes co fin de asegurar un correcto mantemento do viario público. Teñen vostedes previsto algo semellante? Se a resposta é afirmativa, cando prevén facelo?

Indica o alcalde que é un tema que preocupa moito e que está encima da mesa pero que debido ás limitacións de persoal non é posible dar unha data concreta.

3.- Preguntas orais:

Non hai.

ROGOS

1.- BNG

Formula o sr. Núñez Fernández os seguintes rogos orais:

- Trasladaron veciños que están descontentos coa situación do aglomerado na estrada de Río de Outes, rogamos que o goberno esixa á empresa facer un varrido e arranxar os desperfectos da estrada da Ribeira do Freixo e Viro.
- Rogamos que se retire un poste deteriorado en Mosteiro e unha farola acopiada na beirarrúa en Castelao.



- Solicitamos o pintado de pasos de peóns nas rúas do agro da Moza ata a igrexa.
- Rogamos tamén que se faga un adecentamento da canle de auga no paseo fluvial.

E, non habendo mais asuntos que tratar, polo Presidente levántase a sesión sendo as 21:25 horas, de todo o cal, como secretario, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

